



PLAN DIXITAL

IES Ordes

[Versión 1.0 xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome:	IES Ordes
Dirección:	Rúa Mestre Nicolás del Río s/n
Correo:	ies.ordes@edu.xunta.gal
Teléfono:	881960334
Fax:	881960344
Páxina web:	https://www.edu.xunta.gal/centros/iesordes/

O IES Ordes acolle no curso 2021-2022 aproximadamente a uns 551 alumnos que se distribúen nas seguintes etapas, ciclos, modalidades e graos educativos:

- 1) Educación Secundaria Obrigatoria (primeiro e segundo ciclos)
- 2) Formación profesional básica.
- 3) Bacharelato nas modalidades de:
 - a) Ciencia e tecnoloxía
 - b) Humanidades e ciencias sociais
- 4) CM de electromecánica de vehículos
- 5) CM de administrativo
- 6) CS Automoción FP DUAL

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro.

Ordes ten unha extensión de 157,2 km², o que dista abondo da media de Galicia, que se sitúa en torno aos 94 km², e unha poboación de 13.020 habitantes, segundo o censo de 2011, agrupados en trece parroquias, con 268 entidades de poboación en total. A densidade de poboación que se obtén é de 82,84 hab./km². O seu elevado número de entidades, unido á baixa densidade de

poboación, dan como resultado unha paisaxe rural constituída por pequenas aldeas repartidas homoxeneamente sobre o territorio.

A gran maioría do territorio do municipio de Ordes atópase dedicado a plantacións forestais onde se distinguen preferentemente as especies de piñeiro, eucalipto, amieiro e carballo, así como asociacións de coníferas e outras frondosas, e podéndose diferenciar dous tipos: arborado e desarborado. A minoría restante do territorio dedícase aos cultivos. A terra de cultivo destínase na súa maior parte a pasteiros e prados, que ocupan grandes extensións, localizadas nas parroquias de Montaos, Pereira e Ordes, preferentemente na cunca do río Cabrón, e en Leira e Ardemil, ao norte do concello; o resto produce millo para forraxe e unha moi pequena parte está dedicada á horta.

Os asentamentos de poboación repártense dunha forma uniforme, cadrando principalmente coas zonas máis chas do concello, sendo as máis despoboadas aquelas máis accidentadas. A tipoloxía dos asentamentos predominante no municipio é a aldea pechada, con casarío espallado, en moitos casos formando varios grupos de edificacións distanciados abondo entre si. A distribución das edificacións sitúase xeralmente entre os límites dos terreos de cultivo e o monte.

A maioría dos lugares conta con agrupacións moi pequenas, de entre 10 e 25 edificacións, de carácter netamente rural, na súa maioría de tipoloxía illada e, en raras ocasións, unidas en medianeiras en torno a un camiño.

Os factores económicos atópanse determinados pola influencia comarcal, permitindo un axuste racional da man de obra nas explotacións agropecuarias, ao posibilitar un sistema de traballo a tempo parcial, compatible con outros noutros concellos da comarca. Isto, unido ao feito de que a concentración parcelaria se estendeu por todo o territorio, permitiu unha boa organización interna das explotacións gandeiras.

	1991	2001	2011
Agricultura e Gandería	27,33%	12,27%	9,50%
Industria	19,15%	27,98%	21,31%
Construcción	20,35%	19,08%	15,35%
Servizos	33,41%	40,65%	53,84%

Contribución á Programación Xeral Anual

A contribución á Programación Xeral Anual realizarase sobre todo nos seguintes aspectos:

- Actualización e inventariado do equipamento dixital e mais o seu mantemento nas mellores condicións grazas á realización de labores regulares de servizo técnico. Favorécese ademais deste xeito o uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación, que é un dos obxectivos prioritarios na Programación Xeral Anual.
- Contribución á educación en igualdade entre o alumnado grazas á coordinación do préstamo dos equipos informáticos a quen, non dispoñendo deles, os precise para afrontar o curso 2022/2023.
- Ao levar a cabo o Plan Dixital, incídese no desenvolvemento do Plan Recupera, pois apóiase o alumnado vulnerable ao dotalo con medios informáticos mediante o préstamo durante un curso escolar dun ordenador portátil. Incídese nas dúas liñas de actuación, no ARCO e mais no PROA+.

1.3. Breve xustificación do Plan

A *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación*, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño)*, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022, e na disposición adicional terceira da *Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional*, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2021-2022 sinala que os centros docentes elaborarán no curso 2021-2022 o seu Plan Dixital de acordo coas instrucións que se diten.

As instrucións para a elaboración do Plan Dixital son establecidas na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional*, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022. Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios, obxectivos e referentes que a continuación se indican.

1. Principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

2. Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.
- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.

c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.

d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

3. Referentes:

a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.

b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

1.4. Proceso de elaboración

Este documento foi elaborado polo equipo de Dinamización do Plan Dixital formado por Ana Belén Rifón Lastra, Juan Jesús Fernández Porto e Juan Losada Labraña. Para a organización do traballo o equipo reuniuse semanalmente nunha reunión dirixida pola coordinación do equipo. Foi necesaria unha recollida de datos que se levou a cabo no primeiro e segundo trimestre do curso mediante os cuestionarios SELFIE e CDD, respectivamente. A partir da información obtida nestes cuestionarios elaborouse unha análise DAFO (que figura na epígrafe 2.3 deste documento). Esta análise permitiu a elaboración dos obxectivos, indicadores e accións que se van levar a cabo no Plan Dixital, que aparecen recollidos na epígrafe 3.1 deste documento.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Infraestrutura dixital:

O centro dispón da seguinte infraestrutura dixital:

- Infraestrutura de datos (conectividade a Internet e telefonía).
- Conexión cableada de rede.
- Conexión sen fíos.

Equipamento dispoñible por categorías:

Un dos obxectivos propostos neste Plan Dixital é realizar un inventario completo, actualizado e detallado do equipamento dixital do centro, que se realizará no curso 2022-2023. Así e todo, neste apartado faise un resumo xeral da situación actual do centro:

- Aulas dixitalizadas:

Case todas as aulas do centro teñen ordenador, proxector e equipo de son, e case a metade teñen encerado dixital. Todo este equipamento leva instalado moitos anos, así que están a producirse moitas incidencias. O cableado está moi mal organizado: cables á vista enredados uns cos outros, metros de cable sobrante, etc.

- Proxecto Abalar:

Hai catro aulas Abalar, con cadanseus 30 portátiles. Dispoñen de carriño cargador, proxector e ordenador para o profesorado, pero o seu estado é moi precario: a metade dos portátiles están avariados, e os que funcionan non se poden cargar facilmente porque as baterías están viciadas. Un dos carriños está avariado e non se pode arranxar porque non hai repostos. Os ordenadores operativos son de gama baixa de hai máis de 10 anos, polo que se pode dicir que son inservibles. Os proxectores teñen moi pouco brillo e nitidez.

- Equipos de xestión e administración:

Entre administración e despachos de Dirección, hai 7 equipos funcionais, aínda que 2 deles comezan a estar anticuados, e dado que son equipos dun uso intensivo, conviría actualizalos.

- Uso na biblioteca:

A biblioteca conta con 2 ordenadores de sobremesa para o traballo de xestión, e con 8 ordenadores para uso do alumnado. Moitos destes equipos están moi deteriorados, e tardan moito tempo en arrancar. A conexión a Internet é provisional, e estamos á espera da instalación do cableado (xa foi solicitada).

- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:

No centro hai dúas salas de profesores. Unha delas conta con 4 equipos e outra con 3 equipos, dous deles novos e un obsoleto.

Todos os departamentos dispoñen de polo menos un ordenador compartido, e algúns dispoñen tamén de impresora. Aproximadamente a metade destes equipos son moi vellos.

- Aulas de informática e dotacións para proxectos específicos:

No centro dispoñemos de catro aulas de informática, pero na actualidade só unha delas pode acoller grupos completos:

INFO I: 20 ordenadores de sobremesa, 1 portátil para o profesorado e canón. O canón vese moi mal. Os ordenadores funcionan ben, pero non pode acoller grupos completos, polo que se propón ampliación.

INFO II: 32 equipos de sobremesa, 1 portátil para o profesor, 1 canón que non ten luminosidade. En xeral, están en bo estado.

INFO III: 10 equipos de sobremesa (con avarías frecuentes), 1 portátil do profesor. Ten moito espazo libre e cableado instalado para 16 equipos.

INFO IV: Hai un portátil para o profesor e 20 equipos para o alumnado. Destes, a metade son equipos vellos que se aproveitaron a se renovaren as aulas de Administrativo. Hai tamén un proxector cunha luminosidade case nula.

- Aulas do Ciclo Medio de Xestión Administrativa:

Hai dúas aulas específicas para docencia no Ciclo Medio de Xestión Administrativa:

1º Administrativo: 24 equipos de sobremesa para o alumnado. 1 equipo de sobremesa para o profesorado, canón.

2º Administrativo: 17 equipos de sobremesa para o alumnado. 1 equipo de sobremesa para o profesorado, canón.

- Educa Dixital:

Ao comezo do curso 2021-2022, o centro recibiu unha remesa de 40 kits dixitais (compostos por un ordenador portátil modelo *Acer TravelMate Spin B3* e un router sen fíos), para llos emprestar ao alumnado que pola súa situación socioeconómica non tivese dispoñibilidade de ordenador e/ou conexión a Internet. No momento da redacción deste documento hai 37 kits prestados.

A mediados do segundo trimestre, a conexión a Internet dos routers sen fíos foi desactivada e comunicouse ao centro que non se ía dar de alta de novo.

Servizos dixitais educativos:

O centro dispón dunha **páxina web** (<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesordes/>), e dunha **aula virtual** empregada pola práctica totalidade do profesorado e o alumnado.

Tamén se emprega a aplicación **Abalar**, sobre todo para a comunicación coas familias, tanto por parte dos titores como para as comunicacións do centro.

Ademais, o centro solicitou a súa participación no programa **Polos Creativos**, convocado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade na *ORDE do 21 de abril de 2022 pola que se crea o programa de innovación educativa Polos creativos e se establece o procedemento para a participación dos centros docentes públicos dependentes desta consellería*, pero no momento da redacción deste documento aínda non foi publicada a lista de centros admitidos.

Xestión do mantemento do equipamento do centro:

O mantemento e a xestión do equipamento dixital depende na actualidade do responsable TIC do centro. As avarías dos equipos e os fallos na conexión á rede comunícanse a esa persoa, pero sen unha canle de comunicación moi clara. Unha vez recibida a incidencia, o responsable pode, ou ben arranxala directamente, ou ben solicitar soporte externo.

- Para incidencias na conexión, solicítase soporte á UAC.
- As incidencias no equipamento subministrado pola consellería póñense en coñecemento da UAC.
- Para avarías nos equipos adquiridos polo centro contrátase un servizo técnico externo.

Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC:

Na actualidade non existen protocolos relacionados coas TIC, pero a súa redacción e posta en funcionamento é un dos obxectivos propostos para o vindeiro curso.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

A elaboración do análise DAFO realizouse partindo da información obtida nos test SELFIE e CDD. A continuación amósase un resumo dos resultados destes dous tests.

A) Resultados test SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas		
		ESO	Bacharelato	FP
A - Liderado	Equipo Directivo	3,2	3,1	3,3
	Profesorado	2,7	2,7	2,6
	Alumnado	-	-	-
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	3,4	3,5	3,6
	Profesorado	2,5	2,5	2,4
	Alumnado	2,7	2,3	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3,3	3,4	3,2
	Profesorado	3,1	3,1	3,0
	Alumnado	3,1	2,7	3,4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4,2	3,8	3,9
	Profesorado	2,8	2,8	3,4
	Alumnado	-	-	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	4,0	3,9	3,6
	Profesorado	4,0	3,8	3,6
	Alumnado	3,6	3,7	4,2
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,3	3,3	3,3
	Profesorado	3,2	2,8	3,2
	Alumnado	3,0	2,7	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3,1	3,1	3,2
	Profesorado	2,8	2,4	3,2
	Alumnado	2,6	2,3	3,2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,5	3,4	3,4
	Profesorado	3,3	3,1	3,0
	Alumnado	3,0	2,7	3,4

B) Resultados test CDD:

B.1 Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	19	42	45,2
PROVISIONAL	7	9	77,8

INTERINO	5	12	41,7
SUBSTITUTO	1	6	16,7

B.2. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81,5	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

B.3. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	82,1	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
BAC	83,1	Integrador/a (B1)	77,9	Integrador/a (B1)
F.P	75,3	Integrador/a (B1)	80,3	Integrador/a (B1)

B.4. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0,0
A2	8	25,0
B1	16	50,0
B2	5	15,6
C1	3	9,4
C2	0	0,0
TOTAL	32	100

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que é de utilidade para a análise de situación e para a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. No noso centro hai dispositivos dixitais de xestión propia, que se poden prestar ao alumnado que o precise pola súa situación socioeconómica.	1. Equipo dixital insuficiente. 2. Non existe un sistema de préstamo de dispositivos dixitais para casos puntuais de corta duración.
	PERSOAL DOCENTE	1. O noso profesorado busca recursos educativos dixitais en liña. 2. O noso profesorado emprega entornas virtuais de aprendizaxe e recursos educativos abertos co alumnado. 3. O noso profesorado emprega tecnoloxías dixitais para as comunicacións relativas ao centro educativo. 4. O noso profesorado emprega tecnoloxías	1. O profesorado carece dos coñecementos necesarios sobre dereitos de autor e licenzas de uso para a elaboración de materiais didácticos con tecnoloxías dixitais. 2. Non se usan as tecnoloxías dixitais para que o alumnado observe o traballo dos seus compañeiros.

		dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		1. Non hai unha estratexia dixital de centro. 2. Non se usan as tecnoloxías dixitais para colaborar coas outras organizacións ou centros nin para apoiar o uso das tecnoloxías.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. O profesorado do centro ten acceso ao DPC, o que lle permite mellorar de forma continuada a súa competencia dixital.	1. O profesorado carece de tempo suficiente para empregar ferramentas tecnolóxicas na elaboración de materiais dixitais. 2. Apoio técnico limitado ou inexistente. 3. Elevada proporción alumnado-profesorado nas aulas. 4. O profesorado carece de tempo suficiente para empregar ferramentas tecnolóxicas na elaboración de materiais dixitais. 5. O profesorado ten unha excesiva carga de tarefas burocráticas.
	LEXISLACIÓN		1. Falta de continuidade na lexislación educativa.
	CONTORNA	1. A maioría do alumnado dispón de dispositivos dixitais na casa. 2. Emprego fluído de medios dixitais para a comunicación con alumnos e familias.	1. Na actualidade non se dispón de recursos dixitais en liña axeitados e de calidade. 2. O alumnado non dispón de boa conectividade a Internet na súa casa.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES		1. O alumnado de FP carece de acceso a unha base de datos de formación en centros de traballo.

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

O análise DAFO ofrece unha visión de conxunto, e desde distintos puntos de vista, da situación do centro no referente ao uso e á dotación de equipamento dixital. A partir desta información, o equipo de dinamización do Plan Dixital seleccionou aqueles aspectos que estimaron prioritarios, en función de varios parámetros:

- Mellora do funcionamento do centro.
- Impacto na actividade docente.
- Viabilidade a curto/medio prazo.
- Posibilidade dunha avaliación obxectiva das medidas implantadas.

Tendo en conta estes aspectos, finalmente foron seleccionados tres obxectivos prioritarios para o curso 2022-2023, e que se recollen nas seguintes táboas:

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS							
OBXECTIVO 1:	ACTUALIZAR O EQUIPAMENTO DIXITAL OBSOLETO (C2, C5, C8)					Acadado	
Responsable:	PERSONA RESPONSABLE DE DIRECCIÓN					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº DE EQUIPOS ADQUIRIDOS						
Valor de partida:	0						
Valor previsto e data:	10				XUÑO 2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Elaboración dun inventario do equipamento dixital	Equipo Plan Dixital	Outubro 2022	Equipamento dixital do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Valoración do material existente e dos equipos que é preciso adquirir	Equipo PD/coordinador TIC	Decembro 2022	Equipamento dixital do centro			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Solicitud e valoración de presupostos. Cálculo do nº de equipos que se van adquirir	Equipo PD/responsable dirección do centro	Febreiro 2023	Presupostos			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.4: Adquisición ou solicitude á Consellería dos equipos dixitais	Persoa responsable de dirección	Xuño 2023	Orzamento do centro. Solicitud á Consellería.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.5: Instalación dos equipos dixitais	Coordinador TIC Servizo técnico da Consellería	Xuño 2023	Equipos dixitais			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: INFRAESTRUTURAS E EQUIPOS						
OBXECTIVO 2:	MANTER OS EQUIPOS DIXITAIS DO CENTRO EN ÓPTIMAS CONDICIÓNS A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE TAREFAS REGULARES DE MANTEMENTO (C5)				Acadado	
Responsable:	PERSOA RESPONSABLE DE DIRECCIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	PORCENTAXE DE ORDENADORES CORRECTAMENTE REPARADOS, CON RESPECTO AOS AVARIADOS.					
Valor de partida:	0 %					
Valor previsto e data	50 %			FIN DO CURSO 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Elaboración de protocolos para a detección de incidencias nas aulas de informática	Equipo PD.	Outubro 2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Implantación e seguimento dos protocolos nas aulas de informática	Profesorado/ Dirección.	Decembro 2022	Protocolos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Reparación dos equipos e/ou envío ao servizo técnico externo	Coordinador TIC/Servizo técnico externo.	Xuño 2023	Equipos informáticos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Seguimento e valoración da resolución de incidencias	Dirección.	Xuño 2023	Equipos informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS						
OBXECTIVO 3:	CREAR UN REPOSITORIO DE DOCUMENTACIÓN (PROTOCOLOS, LEXISLACIÓN, INFORMES, PLANS...) (E4)					
Responsable:	PERSOA RESPONSABLE DE DIRECCIÓN					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	N.º DE DOCUMENTOS COMPARTIDOS					
Valor de partida:	0 DOCUMENTOS COMPARTIDOS					
Valor previsto e data	15 DOCUMENTOS COMPARTIDOS			XUÑO 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Creación dunha aula virtual e matriculación do persoal docente	Equipo PD	Outubro 2022	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Identificación da documentación precisa e incorporación á aula virtual	Equipo PD/Dirección/Dep. orientación	Marzo 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Revisión e valoración do funcionamento da aula virtual	Equipo PD/Dirección	Xuño 2023	Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Un dos obxectivos propostos para o vindeiro curso é actualizar o equipo dixital obsoleto. Esta tarefa require dun traballo previo de inventariado e análise do equipamento actual e das necesidades actuais e futuras do centro. Así e todo, no momento da redacción deste plan xa coñecemos certas carencias fundamentais:

- Aulas dixitalizadas:

Existen actualmente tres grandes necesidades de material nas aulas:

- Proxectores: un gran número de proxectores funcionan moi mal (teñen máis de 10 anos) e coas persianas abertas vese moi mal.
- Ordenadores: moitos dos ordenadores das aulas están obsoletos.
- Taboleiros dixitais: os existentes teñen moitos anos e o seu tempo de reacción é demasiado longo. Ademais precisan calibración case cada vez que se arrancan os equipos.

- Equipos de xestión e administración:

Entre administración e despachos de Dirección, hai 7 equipos funcionais, aínda **que 2 deles comezan a estar anticuados** (arranque lento, sesións que se colgan, etc.), e dado que son equipos dun uso intensivo, conviría actualizalos.

- Uso na biblioteca:

Os equipos para o uso do alumnado están moi deteriorados. Tardan máis de dous minutos en arrancar, e para abrir calquera aplicación son moi lentos. **Dos 8 equipos instalados cumpriría cambiar polo menos a metade.**

- Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos:

No tocante aos equipos que están nos departamentos didácticos, aproximadamente a metade son moi vellos, lentos para arrancar, teñen avarías, etc. Nestes momentos hai solicitudes dos departamentos de:

- Departamento de Automoción: precisan renovar dous ordenadores de mesa das aulas, dous portátiles de taller e tamén necesitan dous proxectores con conexión hdmi para as aulas e un para o taller (son equipos de uso diario por parte do profesorado e do alumnado).

- Departamento de Educación Plástica e Visual: precisan renovar o portátil, xa que o existente apágase frecuentemente.
- Departamento de Física e Química: Precisan renovar os dous ordenadores que están nos laboratorios de Física e Química.
- Departamentos de linguas estranxeiras: os sistemas de son existentes no centro teñen unha calidade e un volume insuficiente para que o alumnado escoite as gravacións en inglés, francés ou portugués. Cumpriría cambiar boa parte dos altofalantes existentes no centro.
- Departamento de lingua castelá e literatura: só dispoñen dun ordenador (que ademais está obsoleto) para catro docentes. Sería necesario substituílo ou incorporar outro.
- Departamento de Orientación: Precisan renovar o equipo e a impresora da aula de Pedagogía Terapéutica. Cada vez máis alumnado que precisa de materiais específicos é atendido alí.

- Aulas de informática e dotacións para proxectos específicos:

Como xa se indicou no apartado 2.1, existen catro aulas de informática, pero só unha delas ten capacidade para albergar grupos completos. Neste curso e nos anteriores tivemos moitos problemas coa ocupación desta aula, xa que as máis das horas está ocupada por materias que se cursan alí (TIC, Modelado 3D, Programación, etc.), de xeito que é moi complicado poder levar grupos de xeito esporádico. Ademais, as poucas horas libres que ten esa aula non sempre coinciden coas horas lectivas de moitas materias. Debemos ter en conta, ademais, que a implantación da LOMLOE aumentará moito as horas que teñen que se impartir nas aulas de informática: Tecnoloxía e Dixitalización é unha materia obrigatoria en 1º e 2º da ESO de 3 horas á semana, polo que precisará de moitas horas dispoñibles en aulas grandes. Tamén aparece a materia de Educación Dixital, segue a haber Tecnoloxía, e posiblemente o Proxecto competencial vaia ser impartido con frecuencia en aulas de informática.

Por todo o devandito, **consideramos absolutamente prioritario que se actualicen as aulas INFO I, INFO III e INFO IV con equipos novos, cun número de postos suficiente para albergar grupos completos.** Tamén é necesario cambiar os proxectores das aulas INFO II e INFO IV, xa que os existentes son practicamente inservibles.

Outra carencia fundamental é o proxector do salón de actos, que non ten luminosidade suficiente para ese espazo. Todas as proxeccións, conferencias, presentacións, etc. que se realizan nesa aula teñen unha calidade moi baixa.

4. Avaliación do plan

Ao longo do curso farase un seguimento do desenvolvemento do Plan Dixital e mais da consecución dos obxectivos que se recollen nel. Levarase a cabo do seguinte xeito:

- No tocante á **avaliación procesual**, realizarase como mínimo unha vez ao trimestre e valoraranse os seguintes aspectos:
 - O estado da execución das accións
 - A análise e valoración dos resultados

Ademais teranse en conta, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- En canto á **avaliación final**, terá lugar como mínimo unha vez ao ano, dentro do terceiro trimestre do curso. Os aspectos que se considerarán serán a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

O Plan Dixital daráselle a coñecer a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro. Aparecerá tamén recollido na aula virtual que se creará no vindeiro curso como repositorio de documentación para todo o profesorado. Amais disto, o claustro de profesorado e o Consello Escolar serán informados dos seus contidos e remitiráselle a todo o profesorado a través do correo electrónico.